

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	CURTIS
Edificio	Igrexa de Santaia de Curtis
Dirección	Santaia, s/n. 15310
	43.115137994185105 -8.046050031880997
Protección	
Descrición	Igrexa de planta de cruz latina, cunha única nave cuberta de madeira que está dividida en tres tramos por arcos faxóns de medio punto situándose o coro no terzo máis preto ós pés. A ábsida preséntase cuberta por unha bóveda de canón con arcos de reforzo, o igual cas capelas laterais contrapostas que conforman os brazos laterais dun cruceiro que se cubre cunha bóveda de arestas sen nervaduras de reforzo. A sancristía atópase tralo altar e está recentemente reformada. Os muros son de cachatería ben executada con ocos recercados de cantaría e pilastras adousadas marcando ó exterior os arcos faxóns internos. A fachada é de cantería cunha torre alta, que destaca con respecto á horizontalidade do edificio, con dous corpos superpostos, o primeiro cadrado e o segundo octogonal e cuberto cunha pequena cúpula. Estra torre levántase no frontis da fachada, no que se abre un rosetón que dá ó coro. A porta principal carece de decoración.
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
Data	04-11-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Campá menor (1)	DE PALACIO CAGIGAL, SANDALIO	1851	60	125
Torre-campanario	Campá maior (2)	PALACIO, DÁMASO	1858	70	199

Información completa: [Igrexa de Santaia de Curtis - CURTIS \(GALICIA\)](#)

